

# MUSIcANGAS

## I EDICIÓN DO CERTAME DE MAQUETAS DE GRUPOS NOVEIS

1. Co fin de promover e difundir a música independente de calquera estilo, convócase o I CERTAME DE GRUPOS NOVEIS 'MUSICANGAS'.
2. Poderán participar todos aqueles grupos ou solistas que o desexen, da comarca do Morrazo (Cangas, Bueu, Moaña, Marín).
3. Non poderán participar aqueles que teñan na actualidade un contrato discográfico en vigor (admitiranse grupos con traballos discográficos autofinanciados por eles mesmos) nin os gañadores de outros certames.
4. Cada grupo ou solista deberá presentar un mínimo de DOUS TEMAS (máximo 15 minutos, sendo orixinais en canto a composición de letras e música).
5. No formulario de inscrición indicaranse OS TEMAS, no caso que se presenten máis de dous, e serán os que o xurado tomará como inscritos, tendo que ser, orixinais en letra e música e que serán os que se interpreten en directo no concurso.
6. A maqueta será presentada en formato CD ou USB, ou ben remitindo as direccións dos enlaces dos temas en YouTube. No exterior debe ir o nome do grupo ou solista.
7. Xunto a maqueta se acompañará un DOSSIER que debe conter obrigatoriamente: encabezado co nome artístico, biografía do grupo ou solista, nome dos compoñentes, idade, fotografías e rider. IMPORTANTE: incluir correo electrónico, teléfono e dirección postal de contacto.
8. En ningún caso será devolto o material enviado.
9. O material deberá ser achegado por correo ordinario antes do día 15 de xullo (non se aceptarán traballos a man) a: Casa da Xuventude - Rúa Real, 29 – 36940 Cangas.
10. O faio do xurado darase a coñecer o día 28 de xullo.
11. Serán seleccionados catro grupos que participarán nun Festival o día 24 de agosto.
12. Outorgarase un único premio de 500 € ao gañador e 3 accésits de 250 € aos catro seleccionados.
13. Os catro seleccionados participarán no festival, e a orde de actuación será proposta pola organización do festival.
14. O xurado do certame poderá declarar deserto o premio, se o estima oportuno.
15. Os participantes aceptarán o faio do xurado, sendo este inapelable.
16. A inscrición e participación neste certame implica a aceptación da totalidade das bases e a propagación dos traballos en medios de comunicación.
17. O Festival MusiCangas adquiere os dereitos de imaxe dos participantes do certame.

Cangas, xuño de 2017



Concello de Cangas

Concellaría de Mocidade e Voluntariado